

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- Densidade de plantación inicial: de 50 a 100 pés/ha.
- Marco da plantación: de 10 metros entre liñas e 10 metros entre plantas a 14 m x 14 m. É admisible baixar ata 7 m x 7 m en áreas de montaña máis setentrionais.
- Utilizar material de alta calidade xenética e morfolóxica.
- É aconsellable a plantación monovarietal ou bivarietal con polinizadores.
- As variedades recomendables de *C. sativa* que cómpre enxertar son: “Amarelante”, “Famosa”, “Garrida”, “Longal”, “De Parede”, “Ventura” e “Xudía”, así como as de boa aptitude como polinizador: “Negral”, “Piconá”, “Serodia” e “Rapada”.
- Recomendable a rega e a preparación de gabias.



MODELO SILVÍCOLA CS2

ESPECIE: *Castanea sativa* Miller (altitude > 550 m) ou *Castanea x hybrida* enxertada (altitudes menores)

OBXECTIVO: produción froiteira en novas plantacións

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais, preferentemente aqueles que coinciden coa indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia, na actualidade:

-Todos os da provincia de Ourense

-Todos os da provincia de Lugo, agás os termos municipais do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo, pertencentes ao distrito VI

-Na provincia de Pontevedra, o distrito XVI e os termos municipais de Cotobade, A Lama, Campo Lameiro e Cuntis, pertencentes ao distrito XIX

-Na provincia da Coruña, os termos municipais de Boimorto, Melide, Sobrado, Toques e Arzúa, pertencentes ao distrito III



Máis información do modelo

3 MANTEMENTOS

- Reposición de marras e roza total os dous primeiros anos.
- Roza mecanizada entre liñas de plantación e manual nas plantas.

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** buscar formar un talo ramificado con ampla copa. A comezar aos 7-9 anos e continuar cada 5 ou 6 anos ata conseguir obter unha cruz baixa, entre 3-6 m, e unha copa moi aberta cunha grande ramificación.
- Grande importancia nas medidas de prevención fitosanitaria. Practicar no verán (aconsellable no mes de xullo).
- Necesaria desinfección minuciosa das ferramentas de poda e selado tras o corte.